



BOP

MARTES, 16 DE XANEIRO DE 2018

Nº 012

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

Aprobada inicialmente a alteración da cualificación xurídica do camiño público que se corresponde con parte da parcela con referencia catastral 27015A054090200000SB, nun tramo de 162 metros cadrados, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 28/12/2017, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección [https:// www.concellodecospeito.es/](https://www.concellodecospeito.es/)*].

Cospeito, 4 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño

R. 0096

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria celebrada con data do vinte e sete de decembro de dous mil dezasete (27/12/2017), en virtude das competencias atribuídas á mesma polo acordo 4/455 da Xunta de Goberno Local celebrada con data do 7 de xullo de 2015, acordou entre outras cuestión aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións, para a prorroga da 14ª fase de axudas para a rehabilitación da Área de Rehabilitación Integral do centro histórico de Lugo-Ano 2017 así como os seus anexos e publicar as mesmas xunto cos seus anexos no Boletín Oficial da Provincia así coma no taboleiro de edictos da Excmo Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Lugo.

Polo que en cumprimento do citado acordo, publicanse as **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO. ANO 2017** xunto cos seus anexos, sendo a transcripción literal das mesmas a seguinte:

BASES

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO. ANO 2017”

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS”:

O Excmo. Concello de Lugo asinou o 27 de outubro de 2015 co Ministerio de Fomento e co Instituto Galego de Vivenda e Solo o “Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativa á área de rehabilitación do centro histórico de Lugo, 14ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 (Plan 2013-2016)”, co fin, entre outros, de acometer actuacións na rehabilitación dos edificios e vivendas do ámbito considerado, afectando a 21 vivendas, co fin de executar obras de recuperación de elementos comúns dos edificios, así como outras de adecuacións en materia de habitabilidade, salubridade, accesibilidade, aforro da eficiencia enerxética e seguridade estrutural das vivendas, avaliándose o custo total destas actuacións en 685.714,29 euros. Así mesmo, o 15 de setembro de 2016, o Excmo. Concello de Lugo asinou xunto co Ministerio de Fomento e o Instituto Galego de Vivenda e Solo a “Addenda para a modificación do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativo á área de rexeneración e renovación urbana do centro histórico de Lugo, 14ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016. (Plan 2013-2016).

Período 2015” na que se amplía o número de vivendas afectadas a 42, sen que supoña incremento ningún do financiamento inicialmente previsto. O custo total destas actuacións ascende á cantidade de 660.000,00 euros, ascendendo as actuacións de rehabilitación subvencionadas polo Ministerio de Fomento a 231.000,00 €, e o investimento por parte dos particulares a 429.000,00 €.

Durante o ano 2016 executouse un total de 24 actuacións cun investimento de 43.809 € e téndose prorrogado o Plan estatal 2013/2016 segundo o Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, leva implícita a posibilidade para os concellos de realizar as convocatorias que consideren oportunas con cargo aos fondos sobrantos deste financiamento.

Á vista da actualización do IV Plan estratéxico de subvencións mediante acordo 5/148, do 5 de xullo de 2017, o remanente dispoñible para as 18 actuacións pendentes ascende á cantidade de 185.729,32 €, financiada polo Ministerio de Fomento.

Para o seu desenvolvemento, faise necesario arbitrar o oportuno procedemento a través destas bases, co fin de acadar unha intervención en prol da rexeneración e rehabilitación do recinto histórico, tendo como obxectivo, entre outros, mellorar o sistema de axudas ás necesidades sociais actuais, mellorar a calidade da edificación, da súa eficiencia enerxética e da súa accesibilidade universal e conservación.

Para iso tómase fundamentalmente o Plan especial de protección e reforma interior do recinto histórico de Lugo PEPRI como punto de partida e marco para a conservación das características físicas e tipolóxicas dos edificios.

En consecuencia, propónse un documento áxil e sinxelo que teña como fondo a actuación coordinada entre as distintas administracións públicas que interveñen no programa, sentando as bases para a súa intervención no proceso rehabilitador, co fin de acadar na área de rexeneración e renovación urbana os seguintes obxectivos:

- Mellorar os tecidos residenciais existentes e recuperar funcionalmente o conxunto histórico.
- Recuperar o patrimonio arquitectónico do conxunto histórico preservando a tipoloxía edificatoria que obedece ao carácter residencial de orixe.
- Alcanzar unha intervención a favor da rexeneración e rehabilitación do recinto histórico, tendo como obxectivo todo o amplo concepto que transmite a palabra rexeneración, como a recuperación do contorno físico que permita ás e aos actuais usuarios e veciños ver o seu contorno tradicional “recuperado”, sen que o excesivo custo desta recuperación supoña a expulsión das e dos veciños destes espazos e favorecendo o proceso de fixación e aumento de poboación na área.
- Promover obras de rehabilitación de edificios e vivendas co obxecto de mellorar as condicións de habitabilidade, accesibilidade, salubridade, illamento termo-acústico e ornato, fomentando a aplicación de novas tecnoloxías co fin de mellorar a eficiencia enerxética e sostibilidade do parque construído.
- E, por último, promover a través deste programa de renovacións exhaustivas e rendibles que reduzan o consumo de enerxía dos edificios en porcentaxes significativas con respecto aos niveis anteriores á renovación, en consonancia cos obxectivos da U.E no paquete 20/20/20 enerxía e cambio climático.

Por todo iso, e dado que hai remanente dispoñible e no ánimo de continuar no desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, e máis concretamente do Acordo da Comisión bilateral, anteriormente referido, asinado o 27 de outubro de 2015, e a addenda do 15 de setembro de 2016 para o financiamento das obras de rehabilitación dos edificios e vivendas, e demais aspectos específicos da área de rehabilitación do centro histórico de Lugo 14ª fase, no marco do R. d. 233/2013, do 5 de abril, do Ministerio de Fomento polo que se “aproba o Plan 2013-2016”, e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, establécense estas bases para a concesión de axudas, de acordo cos principios de publicidade, concorrancia e obxectividade, verbo da rehabilitación de vivendas e/ou edificios do centro histórico de Lugo en función da competencia deste Concello en materia de patrimonio histórico-artístico e para a promoción e xestión de vivendas, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Artigo 1. Obxecto

O obxecto destas bases é a concesión de subvencións a propietarias e propietarios, ben sexan persoas físicas ou xurídicas, e/ou inquilinas/os de vivendas e/ou edificios, derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na área de rehabilitación do centro histórico de Lugo, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan estatal de rehabilitación edificatoria 2013 - 2016.

A convocatoria realízase segundo o disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro do 2015 e a súa addenda do 15 de setembro de 2016, relativo á rexeneración e renovación urbana na área de rehabilitación do centro histórico de Lugo e a súa addenda do 15 de setembro de 2016.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrancia competitiva, consonte os criterios de selección dispostos no artigo 3 da convocatoria.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP do 18 de maio de 2005, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Tipos de actuación e gastos subvencionables

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través destas bases destinaranse a uso residencial.

Os edificios obxecto da rehabilitación terán división horizontal e cada unha das vivendas a súa referencia catastral.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación de rehabilitación subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Para poder optar a calquera actuación subvencionada, é preciso que de xeito previo ao inicio da obra se realice a visita previa dun técnico de EVISLUSA que constatará o estado orixinal da vivenda ou edificio, sempre e cando se conte coa licenza de obras.

Poderanse acoller as axudas as actuacións legalmente iniciadas, para aquelas partidas de obra completas que non estiveran comezadas no momento da visita previa dun técnico de EVISLUSA, e de acordo coas actuacións subvencionables e o informe favorable do mencionado técnico.

Será motivo de denegación da actuación o feito de que as obras de rehabilitación solicitadas estiveran realizadas de xeito completo con anterioridade á solicitude da actuación na área de rehabilitación do centro histórico para os efectos de subvención.

De acordo co disposto polo artigo 26.1.a) do Real decreto 233/2013, as actuacións subvencionables para este programa serán os seguintes:

- A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

As devanditas actuacións definidas anteriormente estarán incluídas nos seguintes tipos:

I - Rehabilitación de edificios:

Son aquelas actuacións que afectan os elementos comúns das edificacións tales como: adecuación do acceso para as persoas con discapacidade, adecuación ás condicións de protección fronte a incendios, adecuación ás condicións de ornato e salubridade, estanquidade fronte á choiva, seguranza estrutural, adecuación de evacuación de auga de choiva e saneamento, illamento térmico da envolvente da edificación co fin de reducir a emisión de CO₂ á atmosfera e adecuación dos sistemas de aforro enerxético.

Poderán ser financiadas aquelas intervencións que supoñan o baleirado parcial ou total das edificacións obxecto de rehabilitación, entendéndose por baleirado aquela intervención destinada á eliminación dos entramados horizontais do edificio.

En ningún caso se considerará baleirado a eliminación dos muros pétreos de carga que configuran a estrutura vertical do edificio, ben sexan fachadas principais, traseiras, patios, medianeiras ou calquera elemento estrutural similar. En canto a isto último teranse en conta as determinacións aprobadas na normativa específica do PEPRI de Lugo, nos artigos 160.5 e 161.5.

As actuacións de rehabilitación axustaranse estritamente ao Plan especial de protección e rehabilitación vixente, e cumprindo ademais e en todo caso as seguintes condicionantes arquitectónicas de tipo xeral:

A. Cubertas:

- Nos edificios con carácter xeral deberá colocarse a solución tradicional de lousa a granel ou de rumbeiro, agás en edificios racionalistas onde se poderán compatibilizar diferentes solucións. Non se permitirán as solucións nas que quede o elemento de suxeición das lousas á vista dende o exterior (por exemplo, non se admiten os ganchos de aceiro inoxidable á vista).
- Para os edificios con calquera tipo de catalogación, as canles, baixantes, cazoletas, babeiros, limas e, en xeral, calquera elemento metálico necesario nestas cubertas para a evacuación da auga serán realizados en zinc, zinc-titanio ou cobre, sen verniz, de modo que adquiran pátina co tempo. Nestes casos non se admitirán outras solucións que utilicen materiais tales como aluminio, PVC, aceiro inoxidable, etc.
- Nas baixantes se o material non é resistente a impacto, protexerase con cobrebaixantes metálicos ata unha altura mínima de 2 m.

B. Carpintería exterior:

- Non se permiten persianas ao exterior agás naqueles casos onde a definición arquitectónica orixinal do edificio así o incluíra.
- No caso de existencia de carpintería de madeira no estado orixinal ou actual do edificio esta será recuperada. Se xustifica a inviabilidade de poder recuperala, poderá ser substituída por unha solución análoga de carpintería en madeira e a súa escuadría será similar en forma e tamaño á orixinal, nas cales se pode optar por colocar peinzos ou parteluces sempre funcionais e nunca falsos.
- En caso de ocos coa mocheta ao exterior será obrigatorio instalar a carpintería de madeira pintada enrasada ao exterior recuperando a solución tradicional, podéndose adoptar a solución de dobre ventá ao interior para asegurar o illamento térmico nos materiais que permite o PEPRI para o exterior. En caso de solucións de dobre carpintería no que se preserve a folla interior no material orixinal, sendo de diferente material a folla que da exterior, deberase recuperar para o exterior a solución orixinal.
- A vidrería será transparente ou translúcida e non se admitirán solucións espello ou opacas.
- No deseño das portas ou portalóns para o acceso aos edificios, recuperaranse ou renovaranse (se non están catalogadas) as solucións existentes en madeira por mesmo material permitíndose, en caso de existir, a recuperación ou renovación das forxas e vidros inseridos nesas carpinterías, e non se admitirán solucións en aluminio, aceiro inoxidable ou PVC.

C. Escaleiras, portal, buque e portalóns interiores:

- Reporanse os materiais que compoñen a unidade de deseño interior dos percorridos de circulación do edificio, acudindo a solucións de recuperación dos mesmos. Así, no caso das escaleiras de madeira, só se subvencionarán operacións de renovación no mesmo material que o existente (madeira por madeira e forxa por forxa). En caso de revestimentos cerámicos ou marmóreos nos portais, realizaranse operacións de recuperación destes ou reposición en materiais análogos no que se xustifique a permanencia da unidade de deseño do citado percorrido de circulación.

D. Rexerías:

- Nas actuacións de restauración ou de reposición de elementos catalogados, reporanse segundo réplica ou con recuperación ou renovación das forxas existentes, e non se admitirán solucións metálicas en aluminio en calquera acabado e de aceiro inoxidable na súa cor natural. A composición e despezamento, para chegar polo promotor, seguirá as liñas orixinais de composición do edificio.

E. Tratamentos de fachada:

- Non se deixará cachotería nin elementos de gran á vista nin calquera elemento de fachada que na súa orixe fora concibido para ser revestido.
- Os recercados graníticos orixinais dos ocos deixaranse vistos, seguindo aliñacións rectas (non seguindo o contorno das pezas que os forman). Os recercados non poderán ser realizados con chapados, aplacados de pedra, pulidos ou imitación. Para os casos de restitución de recercados graníticos perdidos ou rotos se poderá utilizar a solución de perpiaño labrado oco en formación de esquina, con similar tonalidade e grao que o das pedras que si se conserven, cun espesor mínimo de 6 cm e acabado abuxardado.
- Non se permiten os morteiros monocapa.
- Nos revestimentos das fachadas nos edificios catalogados utilizarase preferentemente o enfusado con morteiro de cal e area.
- Para a elección da cor das fachadas actuarase en consonancia co indicado no Plan especial de protección e rehabilitación vixente, coas seguintes especificacións referidas á carta NCS (Natural Color System):

Para as fachadas:

Gamas de grises-azulados en tons claros, NCS S 0507-R80B, NCS S 0907-R90B, NCS S 0505-R90B, NCS S 0505-R80B, NCS S NCS S 0510-R80B, NCS S 1015-R80B, NCS S 1510-R80B, e NCS S 1515-R80B.

Gamas de grises-rosados en tons claros, NCS S 0502-R, NCS S 0502-R50B, NCS S 1002-R, NCS S 0505-R20B, NCS S 1005-R20B, NCS S 0804-R10B, NCS S 1510-Y80R e NCS S 1510-Y90R.

amas de grises-verdosos en tons claros: NCS S 1002-B, NCS S 1002-B50G, NCS S 1002-G, NCS S 1002-G50Y, NCS 1005-G, NCS S 2010-G40Y, NCS S 1502-G e NCS S 1502-G50Y.

Gamas en tonalidades terras naturais: NCS S 1000-N, NCS S 1002-Y50R, NCS S 1502-Y50R, NCS S 2002-Y, NCS S 1002-Y, NCS S 1502-Y, NCS S 2502-Y, NCS S 1005-Y20R, NCS S 2005-Y20R, NCS S 2005-Y50R e NCS S 097-Y10R.

Gama ocre amarelo ou siena: NCS S 1510-Y10R e NCS S 3020-Y10R.

Gamas rosáceas: dende a NCS S 0603-R20B á NCS S 0804-R70B

E branco en tons oso: NCS S 0300-N, NCS S 0500-N e NCS S 0502-Y50R.

Para as medianeiras e chemineas:

Gamas de cor aproximados as dos enfoscados tradicionais: dende a NCS S 0603-G80Y á NCS S 0603-Y40R.

Para as carpinterías exteriores:

Gamas de cor verde: NCS S 4050-G, NCS S 4550-G, NCS S 6030-G e NCS S 7020-G.

Gamas de cor branco: NCS S 0300-N e NCS S 0500-N.

Gamas de cor marrón: NCS S 5040-Y40R, NCS S 6030-Y40R, NCS S 7020-Y40R e NCS S 8010-Y70R.

Será elixible unha cor por actuación para cada un destes apartados, e deberase manter un tratamento uniforme das fachadas, medianeiras e carpinterías do conxunto edificatorio.

II. Rehabilitación de vivendas.

Serán subvencionables as seguintes actuacións: accesibilidade de persoas con discapacidade, existencia e correcto funcionamento de servizos sanitarios e cociñas, existencia e correcto funcionamento das instalacións eléctricas, saneamento, fontanaría e calefacción, existencia e correcto funcionamento de extracción de fumes e ventilación, illamento térmico, illamento acústico, adecuación ou distribución de espazos interiores, mellora da iluminación e ventilación das pezas interiores que conforman a vivenda, e a adopción de sistemas de aforro enerxético. Igualmente, serán subvencionables as intervencións de mantemento da vivenda derivadas de patoloxías orixinadas tanto dos elementos comúns do edificio como dos elementos privativos.

Non terán consideración de rehabilitación as actuacións de amoblamento ou de acabamentos interiores como poidan ser; a substitución de portas de paso (agás as actuacións que impliquen mellora da accesibilidade), pintado interior de paramentos, raspado e vernizado de pavimentos (agás actuacións que impliquen mellora da accesibilidade e/ou habitabilidade da vivenda) etc., e, en xeral, calquera obra meramente estética que non estean ligadas a outras obras incluídas no parágrafo anterior.

Artigo 3. Ámbito das actuacións. Criterios de concesión das subvencións

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, á área de rehabilitación do Recinto Histórico de Lugo, declarada o 13 de marzo de 1998, coincidente no seu contorno co ámbito do PEPRI.

Para a concesión das axudas económicas obxecto destas bases, terán preferencia en primeiro lugar os edificios catalogados sobre os non-catalogados, segundo a seguinte orde:

1. Edificios catalogados: primeiramente terán prioridade os situados na zona do “Burgo medieval”, seguidos dos situados na zona do “Ensanche decimonónico”, e no último lugar os situados na zona do “Ensanche recente”

Edificios non catalogados: utilizarase o mesmo criterio que no apartado anterior.

En canto aos edificios de fóra de ordenación irán no último lugar de preferencia.

2. Unha vez seleccionados os expedientes segundo a orde de catalogación, procedérase a facer unha segunda selección segundo o tipo de actuación a realizar ao tratarse dun ámbito que conta cun plan especial de conservación, protección e rehabilitación, dándolle prioridade ás obras segundo a orde seguinte:

- Con carácter xeral as obras que afecten a actuacións nos elementos comúns do edificio terán prioridade sobre aquelas obras que afecten a intervencións no interior da vivenda. Polo que en todo momento será obrigatorio o acordo da comunidade de propietarios para a realización das obras.

Dentro das intervencións que afectan aos elementos comúns do edificio darase prioridade ás seguintes obras, as cales se pasan a describir a continuación:

1. Serán sempre prioritarias aquelas obras que afecten á envolvente da edificación, co fin de emendar as posibles patoloxías na edificación producidas pola filtración de auga, así como a existencia de humidades producidas por diferentes causas.
2. Mellora do illamento térmico da edificación, xa sexa, ben en fachadas, cubertas, terrazas, etc., encamiñados a reducir o consumo de enerxía e a emisión de CO₂ á atmosfera.
3. Obras destinadas á mellora da seguridade e solidez estrutural da edificación.
4. Aquelas obras que afecten á mellora de accesibilidade na edificación, mediante a supresión de barreiras arquitectónica no interior do mesmo, a instalación de ascensores, elevadores, ramplas, etc.
5. Aquelas obras de mellora das instalacións xerais da edificación para adecualas á normativa vixente, e terán preferencia aquelas que produzan unha mellora no aforro enerxético mediante a implantación de enerxías renovables, así como todas aquelas outras destinadas a reducir a demanda enerxética e reducir as emisións de gases contaminantes.
6. Obras de mantemento e conservación que afecta á envolvente estética do edificio.

Para aquelas intervencións que afecten ao interior das vivendas darase prioridade as seguintes intervencións:

1. Mellora nas condicións de habitabilidade das vivendas. Serán aquelas obras que afecten á distribución interior do inmovible, substitución das carpinterías exteriores, así como a mellora das condicións de ventilación e iluminación das estancias interiores que conforman a vivenda.
 2. Aquelas obras onde se vaia producir unha mellora nas condicións de accesibilidade no interior da vivenda.
 3. Obras que afectan as instalacións interiores para adecualas á normativa vixente, tendo preferencia aquelas onde se produza unha redución no consumo de auga o enerxía, ben mediante a aplicación de novas tecnoloxías o o uso de enerxías renovables.
 4. Aquelas intervencións de mantemento da vivenda, derivadas de patoloxías que son orixinadas tanto nos elementos construtivos que forman parte dos elementos comúns do edificio, como aquelas producidas polos outros elementos privativos.
3. En caso de atoparnos con solicitudes que teñan características iguais segundo o sinalado nos parágrafos anteriores, utilizarase a prioridade establecida na recepción da solicitude nos rexistros oficiais das diferentes administracións.

Artigo 4. Tipos de axudas económicas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas no artigo 2º destas bases e financiarán parcialmente as actuacións de rehabilitación segundo o establecido nestas bases.

As subvencións concederanse no marco da aprobación pola Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2015, que determina a aprobación do acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativo a Área de Rexeneración e Renovación Urbanas do Centro Histórico de Lugo, Comunidade Autónoma de Galicia-Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, anualidade 2016.

As devanditas actuacións serán informadas polas e polos técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA).

Artigo 5. Orzamento protexido

Por orzamento protexido entenderase o custo máximo da execución da actuación. Comprenderá o orzamento en xeral, é dicir, será o resultado de adicionais ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

O orzamento presentado quedará suxeito á posibilidade de revisión de prezos por parte das e dos técnicos de EVLUSA, segundo as distintas partidas do catálogo de prezos de rehabilitación determinados polo IGVS e da base de Datos de Construción de Galicia.

Artigo 6. Contía das axudas económicas

A contía das subvencións será do 35% do custo das actuacións subvencionables, ás que se refire o artigo 5 destas bases. A contía máxima das axudas será de 11.000,00 euros por vivenda.

A determinación da contía dos ingresos familiares, que se referirán á unidade familiar tal e como resulta definida no Decreto 18/2014 no seu artigo 4; "Cómputo de ingresos da unidade de convivencia" e demais disposicións regulamentarias, quedará establecida da seguinte maneira:

1. Os ingresos referiranse á unidade familiar tal e como resulta definida na regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas e determinaranse do seguinte modo:
 - a) Partirase da contía da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada persoa da unidade familiar relativas ao último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude de acollerse aos programas de rehabilitación. De non estar obrigado/a a presentar declaración, deberá acreditar os seus ingresos por outros medios, como certificacións de ingresos emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, nóminas ou seguros sociais; a modo complementario poderase engadir unha declaración responsable da persoa solicitante. En calquera caso, a petición dalgún tipo de axuda habilitará o Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar a información necesaria, en particular de carácter tributario ou económico que for pertinente, da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou doutras administracións públicas.
 - b) A contía resultante converterase en número de veces o IPREM en vigor do período a que se refiran os ingresos acreditados.
 - c) O número de veces do IPREM resultante ponderarase en función dos seguintes coeficientes multiplicativos, segundo corresponda:

Familias dun membro: 1,00.

Familias de dous membros: 0,90.

Familias de tres membros: 0,80.

Familias de catro membros: 0,75.

Familias de cinco ou máis membros: 0,70.

2. Se a vivenda estivese situada nun concello dos declarados como ámbitos territoriais de prezo máximo superior (ATPMS), aplicarase o tramo seguinte ao que lle correspondese.
3. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme o previsto nos puntos anteriores.
4. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nacidos contarán como membros da unidade familiar para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto no número 1 deste artigo, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación da adopción en trámite. En todo caso, para os efectos do regulado neste decreto, a muller embarazada terá a condición de colectivo de atención preferente.

O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e se regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

5. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar convertidos en número de veces o IPREM e ponderados conforme o previsto nos puntos anteriores sumaranse, e o resultado deberá ser inferior ao límite máximo previsto nas bases reguladoras de cada programa, que en ningún caso poderán superar 6,5 veces o IPREM.

Artigo 7: Beneficiarias/os

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real decreto 233/2013.

Non poderán obter financiamento as e os beneficiados incluídos no programa de fomento de la rehabilitación edificatoria, programa do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación Urbanas, 2013-2016.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora.

Poderá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas, co fin de asesoramento. As e os técnicos da Oficina de Rehabilitación (EVISLUSA) realizarán a visita, sempre e cando as obras teñan a licenza preceptiva, para comprobar o estado da edificación e asesorar á/ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

O número de actuacións cualificadas subvencionables é de 18, e serán efectivas nas vivendas e/ou edificios sites nas zonas delimitadas do recinto histórico de Lugo, segundo o establecido nos artigos 1 e 3 destas bases.

Artigo 8. Obrigas das persoas beneficiarias

As e os beneficiarios das subvencións haberán de cumprir as seguintes condicións:

1.- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Deberán, así mesmo, cumprir os requisitos e obrigas establecidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Serán obrigas das e dos beneficiarios das axudas as citadas no artigo 14 da Lei 3 8/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvención

3.- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado, ademais fronte á Seguridade Social.

4.- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

5.- Os ingresos familiares ponderados das persoas físicas beneficiarias das axudas non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM, agás que se trate de obras nos elementos comúns do edificio.

6.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.

Artigo 9. Condicións xerais que deben cumprir os promotores

Os promotores deberán de cumprir as condicións seguintes:

1. A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

2. Os promotores que houberan solicitado e percibido axudas para obras privativas no interior da súa vivenda nos 10 últimos anos a partir da data de concesión da cualificación definitiva, non poderán optar a unha nova percepción de subvención sobre a mesma vivenda. Porén, si poderán solicitar axudas que afecten aos elementos comúns do edificio do que forma parte a dita vivenda e viceversa.

Artigo 10. Requisitos xerais

Para os efectos de obter as axudas previstas nestes normas de procedemento, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1.- As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras, e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez rematadas as actuacións.

2.- As obras que se dirixan cara á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións. Así mesmo, será obrigatorio achegar o acordo da comunidade para a totalidade das actuacións que se desexen realizar.

3.- Cando se trate de actuacións nos elementos comúns do edificio deberase achegar o informe técnico de avaliación de edificios (IEE) con data anterior á solicitude. A resolución de deficiencias ou patoloxías detectadas no inmovible, de carácter desfavorable, relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras ou outros elementos comúns, terán carácter prioritario sobre o resto das obras plantexadas pola propiedade.

4.- Cando un edificio de vivendas dispoña dunha orde de execución notificada polo Excmo. Concello de Lugo, onde determine as obras para executar, a comunidade de propietarios deberá obter a preceptiva licenza de obra acompañada de proxecto técnico, no caso de ser necesario. Igualmente, deberá achegarse o IEE tal e como se especifica no punto anterior.

5.- Non poderán subvencionarse actuacións sobre os elementos privativos das vivendas, as obras das cales non consigan obter as debidas condicións de adecuación de habitabilidade destas, salvo caso debidamente xustificado.

6.- As obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira utilización, no caso de ser necesario.

7.- Aínda que se trate de rehabilitación de edificios con propietario único, debe existir división horizontal e cada unha das vivendas obxecto de rehabilitación deberá ter a súa correspondente referencia catastral.

Artigo 11. Crédito orzamentario e contía das axudas.

O Presuposto establece a contía máxima para a concesión das subvencións que se regulan por estas bases, en **185.729,32 euros**. A dita achega é a que corresponde ao Ministerio de Fomento.

Estas axudas económicas previstas están suxeitas á normativa procedemental correspondente e vixente durante o proceso de rehabilitación ou as que poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios ou addendas a eles que se aproben.

Artigo 12. Compatibilidade das axudas

Sen prexuízo do establecido no artigo 28.3 do Real decreto 233/2012, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

Non resulta compatible a percepción destas axudas coas correspondentes ao programa de fomento de la rehabilitación edificatoria, programa do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Artigo 13. Perda da axuda económica

a) Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Segundo o artigo 13, da Orde do 9 de marzo de 2015, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Consonte o artigo 14, da Orde do 9 de marzo de 2015:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento mais un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

- En particular, será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- A non adaptación das obras á normativa do Plan especial de protección e reforma interior do recinto histórico de Lugo
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A incorrecta execución das obras aprobadas.
- A non execución das obras previstas.
- A execución de obras non aprobadas previamente polo Concello de Lugo.
- Non destinar a planta para a que se solicitan axudas ao uso principal da vivenda.
- O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo.
- Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

Artigo 14. Solicitudes e documentación

1.- As solicitudes para calquera das axudas presentaranse en instancia normalizada (ANEXO 1) nas oficinas de EVISLUSA, no Rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto coa seguinte documentación en orixinal e/ou copia compulsada:

1.1.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación:

a) Se o promotor é unha persoa física:

1) Fotocopia DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietarios/as que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome de cal actúe.

2) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código civil.

3) No caso de que a/o solicitante sexa a/o arrendataria/o; documento acreditativo da titularidade das vivendas por parte do/da(s) solicitante(s) ou contrato de arrendamento e autorización do/a propietario/a do inmovible para realizar as obras.

b) Se o/a promotor/a é unha persoa xurídica:

1) Documento acreditativo da constitución da sociedade.

2) Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do/a promotor/a da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, das/dos intervinientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código civil.

1.2.- Memoria adaptada á seguinte estrutura:

a) Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo

b) Presuposto de execución detallado por unidades de obra con medición e prezo (asinado polo/a contratista, promotor/a ou polo/a técnico/a competente, de ser o caso).

c) Prazo máximo de execución das obras.

d) Fotografías a cor da fachada do edificio e das zonas que se van rehabilitar.

e) No caso de actuacións en elementos comúns do inmovible, deberase achegar a seguinte documentación; cotas de participación de cada unha das vivendas sobre estes, acordo da comunidade de propietarias/os das obras para executar e informe técnico de avaliación de edificios (IEE), segundo o establecido na disposición transitoria primeira, 1.b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana e no artigo 21 do Real decreto 233/2013.

1.3.- Se é o caso, proxecto de execución das obras asinado pola/o técnica/o competente.

1.4.- Licenza municipal de obras, onde veña reflectida a totalidade das obras que se van subvencionar, independentemente de que existan outras obras non subvencionables.

1.5.- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o seu financiamento actuación ou proxecto para o que se solicita subvención (ANEXO II).

1.6.- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)

1.7.- Declaración responsable de non ter débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social, nin co Concello de Lugo (ANEXO II).

1.8.- Declaración xurada de que o destino das actuacións de rehabilitación serán para vivenda de uso residencial (ANEXO II).

1.9.- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración local, e de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ao disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

1.10.- No caso de existir máis dun/ha propietario/a, autorización deles a un/ha dos/as propietarios/as para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

1.11.- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

1.12.- Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorización a EVISLUSA para a obtención do certificado de empadramento. (ANEXO III).

1.13.- Certificado de ingresos do IRPF de toda a unidade familiar ou certificado da correspondente Delegación ou Administración de Facenda de non ter obriga de presentala.

Artigo 15. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

1) As solicitudes dos/as interesados/as, xunto coa documentación requirida, presentarase no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na rúa Quiroga Ballesteros, s/n, edificio municipal Uxío Novoneyra, 3º andar, dereita (EVISLUSA), ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) Se a devandita documentación xa estivese en poder do Concello, haberá de facelo constar, con indicación da data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

3) A **convocatoria** para a concesión das subvencións prevista nestas bases, segundo o disposto na da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións **publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) a través da Base de datos nacional de subvencións (BDNS)** [artigo 17.3.b), 18 e 20.8].

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados dende o seguinte á da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8] en relación coa Base de datos nacional de subvencións (BDNS). Así mesmo, **publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), e deberá inserirse no "Portal de transparencia e bo goberno" do Concello de Lugo.

Artigo 16. Procedemento

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1) A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases. De non ser así, requiriráselle ao interesado que, nun prazo de dez días, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

2) Revisados os expedientes e completados, se é o caso, formularase a proposta de resolución provisional, para o cal as e os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), haberán de proceder á súa redacción.

3) O órgano instrutor será o técnico/a competente da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA), que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

4) A comisión de valoración, constituída para o efecto terá a seguinte composición: Presidente.- O Concelleiro de Urbanismo e un/unha técnico/a da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA).

Artigo 17. Aprobación provisional das axudas

1) De conformidade co establecido na base 24ª de execución do Orzamento municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é o Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal.

2) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao do remate para a presentación de solicitudes no Concello. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada por silencio. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as e os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

3) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4) EVLUSA remitiralle ao Instituto Galego de Vivenda e Solo os certificados e os expedientes das resolucións favorables que se diten, para que este emita a correspondente cualificación provisional e o que considere oportuno.

5) A publicación da notificación da resolución aos/ás beneficiarios/as das subvencións efectuarase no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo, que substituirá, de ser o caso, o trámite da notificación de acordo cos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

6) O/A beneficiario/a da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA), o manifesto de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material que foi obxecto da cualificación provisional, así como o compromiso de sufragar e colocar o cartel exterior, coa imaxe corporativa do plan de vivenda, do Ministerio de Vivenda, da Xunta de Galicia (IGVS) e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras. (ANEXO IV).

Artigo 18. Execución das obras

O/A solicitante promotor/a das obras daralle conta á EVLUSA da data do comezo das obras mediante comunicado oficial.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas antes do 10 de outubro de 2018.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVLUSA) e, en todo caso, nos supostos nos que resulte preciso, deberán estar autorizadas pola correspondente e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

O persoal técnico de EVLUSA poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o/a promotor/a colocará o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e colocado ata cobro total de axudas solicitadas.

Artigo 19. Xustificación do gasto e pagamento

1) Finalizadas as obras, os/as beneficiarios/as deberán comunicarlle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA), no prazo dun mes, o remate destas, mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO V e VI) acompañado da documentación final de obra que consta nel:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas e recibidas.

- Certificación bancaria do número de conta ao seu nome.

- Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Lugo, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado.

- Facturas polo importe das obras, que reunirán en todo o caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

- Xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas.
- Licenza de obras, que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como as que foron obxecto da cualificación provisional.
- Certificado final de obra asinado por técnico/a competente, no caso de execución de obras maiores
- Licenza de primeira utilización, nas obras nas que sexa necesaria a presentación do certificado final de obra.
- Fotografías en cor (por duplicado) da fachada do edificio, coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de vivenda e do Ministerio de Vivenda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello e das zonas que se rehabilitaron.

2) O persoal técnico da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., (EVISLUSA), á vista da documentación, emitirán un informe no que se terá en conta:

- A prelación establecida no artigo 4.
- Que as obras consigan un grao suficiente de habitabilidade.
- Respecto á integración global da actuación coas características do contorno onde se atopan.

3) O devandito informe, de ser favorable respecto da correcta execución das obras, e tras a comprobación das correspondentes facturas polo importe total delas, segundo o presuposto protexible, dará lugar á certificación de obra executada, asinada polo/a técnico/a competente na materia.

Procederáse á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

No suposto de informe desfavorable, procederáse á apertura dun trámite de audiencia a favor do/a interesado/a por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, segundo artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o dito prazo, procederáse á resolución definitiva que corresponda tras o informe do/a técnico competente na materia.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

4) EVISLUSA trasladaralle ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a certificación da resolución que aproba a “certificación de obra executada”, para os efectos de que esta proceda, de ser o caso, a conceder a cualificación definitiva, así como o ingreso, en conta bancaria municipal, do importe da subvención comprometida, ou a que resulte finalmente segundo o procedemento tramitado.

5) Os documentos presentados haberán de ser validados e selados pola empresa municipal xestora do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto. Os documentos serán orixinais e, se se presentan fotocopias, deberán de ser compulsadas pola empresa xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

6) Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Artigo 20. Aprobación definitiva das axudas

1) Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta definitiva de resolución. O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente.

Unha vez resolto definitivamente o procedemento, publicarase na páxina web municipal e no Taboleiro de Edictos do Excmo. Concello de Lugo, a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. **Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).**

2) Seguidamente, procederáse ao pagamento da axuda concedida, tras a presentación por parte do/a beneficiario/a dunha declaración complementaria da relación de subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas, así como por algunha das súas entidades, nacionais ou estranxeiras para o mesmo fin ou, se é o caso, a declaración de que non obtivo outras subvencións para a mesma finalidade, todo isto en cumprimento da base 18ª de execución do presuposto xeral do Concello de Lugo.

Artigo 21. Revogación

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o momento do pagamento da subvención nos seguintes casos:

- incumprimento total ou parcial de calquera das condicións esixidas

- obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso
- incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

Artigo 22. Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.
- b) O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 9 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- d) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- g) Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- h) O convenio de colaboración asinado o 31 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da prórroga do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, aprobada polo Real decreto 634/2016, do 9 de decembro.
- i) O acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015, relativo á área de rehabilitación do centro histórico de Lugo e a súa addenda do 15 de setembro de 2016.
- j) Normativa urbanística vixente aplicable.
- k) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

Disposicións adicionais

Primeira.- A concesión de axudas reguladas nestas bases terá como límite global o crédito asinado no presuposto para estes fins. En todo caso, as actuacións haberán de resolverse nos exercicios económicos dos anos 2017 e 2018.

Segunda.- As e os beneficiarios quedan obrigadas/os a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVLUSA), o Concello de Lugo e a Consellería de Vivenda e Solo.

Disposición derogatoria.- Quedan derogadas expresamente as bases aprobadas en anteriores exercicios.

Disposición transitoria.- Os expedientes iniciados en anteriores convocatorias, ao abeiro das correspondentes bases aprobadas polo Concello de Lugo, seguirán rexéndose por elas ata a súa finalización.

Disposición derradeira.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial de Provincia por conduto da Base de datos nacional de subvencións, consonte ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tras a tramitación regulamentariamente establecida.

ANEXO I-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PERSONA PROMOTOR/A		CIF/DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

en representación súa:

APELIDOS		NOME	CIF/DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

EXPÓN:

Que, _____ en calidade
de _____ do _____

(persoa propietaria/arrendataria,etc.) (edificio/vivenda(s))
sito(s) no recinto histórico de LUGO,

na rúa _____, núm. _____, andar _____, letra _____ ref. catastral _____, desexa acollerse aos beneficios que abaixo se indican para as actuacións de rehabilitación que a seguir se citan, ao abeiro do establecido no R. d. 233/2013, do 5 de abril, do Ministerio de Fomento e no D. 18/2014, do 13 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que

SOLICITA:

Que lle sexa expedida a correspondente cualificación provisional.

ACTUACIÓNS PROTEXIBLES	AXUDA SOLICITADA
<u>Modalidades</u> <input type="checkbox"/> Actuacións no interior da vivenda (sen baleirado da edificación) <input type="checkbox"/> Actuacións en elementos comúns e de mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental (sen baleirado da edificación)	<input type="checkbox"/> Subvención a fondo perdido
<input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DUNHA SOA VIVENDA <input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS	
<input type="checkbox"/> REHABILITACIÓN DE VIVENDAS	

LEXISLACIÓN APLICABLE: R. d. 233/2013, do 5 de abril, do Ministerio de Fomento
D. 18/2014, do 13 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia
Ordenanza xeral reguladora concesión subvencións Concello Lugo BOP 18/05/05
Bases reguladoras da concesión de subvencións a particulares, para levar a cabo actuacións de rehabilitación na área de rehabilitación do recinto histórico de Lugo

Lugo, _____ de _____ de 201_

Sinatura da persoa solicitante

(ANEXO I) DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- COPIA DO DNI/NIF (SE É O CASO, DE TODAS E TODOS OS PROPIETARIOS)

- MEMORIA QUE CONTEÑA CANDO MENOS:
 - A) DESCRICIÓN DO TIPO DE ACTUACIÓN QUE SE VAI LEVAR A CABO

 - B) ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DETALLADO POR UNIDADES DE OBRA (medición e prezo) ASINADO POLA OU POLO CONTRATISTA, PROMOTORA OU PROMOTOR E POLO PERSOAL TÉCNICO COMPETENTE, CANDO CORRESPONDA

 - C) PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

 - D) NO CASO DE ACTUACIÓNS EN ELEMENTOS COMÚNS DO INMOBLE, COTAS DE PARTICIPACIÓN DE CADA UNHA DAS VIVENDAS SOBRE ESTES.

- DOCUMENTO QUE ACREDITE A TITULARIDADE DAS VIVENDAS OU CONTRATO DE ARRENDAMENTO, DE SER O CASO.

- NO CASO DE EXISTIR MÁIS DUNHA OU DUN PROPIETARIO, AUTORIZACIÓN DELES A UNHA OU A UN DOS PROPIETARIOS PARA A XESTIÓN, TRAMITACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN.

- INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS (NO CASO DE SER OBRAS COMUNITARIAS).

- LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS OU, DE SER OCASO, SOMETERSE AO RÉXIME DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE COMUNICACIÓN PREVIA, ASÍ COMO DISPOÑER DE TODAS AS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS PRECEPTIVAS.

- EN CASO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, DECLARACIÓN XURADA DE QUE SE VAI DESTINAR A VIVENDA DE USO RESIDENCIAL **(ANEXO II)**

- DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS E RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE **(ANEXO II)**

- CERTIFICACIÓNS DE ESTAR AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS FISCAIS, INCLUÍNDO AS MUNICIPAIS, FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E TRIBUTARIAS.

- DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E AUTORIZACIÓN A SOLICITARLLE AO CONCELLO CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO **(ANEXO III)**

- CERTIFICADO DE INGRESOS DO IRPF DE TODA A UNIDADE FAMILIAR OU CERTIFICADO CORRESPONDENTE DELEGACIÓN OU ADMINISTRACIÓN DE FACENDA DE NON TER OBRIGA DE PRESENTALA.

ANEXO II

**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS
NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO**

A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA

D./D. ^a		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1- Solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI (*)

NON

(*) ata o día de hoxe, solicitei/recibín outra subvención (**indicar procedencia e contía**) por parte de:

2 - Estou ao corrente das miñas obrigas fiscais co Excmo. Concello de Lugo.

3- Estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia

4 - Estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Administración Estatal e fronte á Seguridade Social.

5- Non me atopo inhabilitado/a nin estou incurso/a en ningunha das causas de prohibición indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

6. A vivenda obxecto de subvención unha vez finalizadas as actuacións terá uso residencial

Lugo, de de 201_

Asdo.:-----

(DNI, sinatura)

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANEXO III**DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO**

Declaro que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito. Así mesmo, autorizo a EVISLUSA a solicitar do Concello de Lugo o certificado de empadramento.

SOLICITANTE OU PARENTESCO	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (1)	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL (2)	PERSOA CON DISCAPACIDADE (3)

A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados/as legalmente e as e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados/as xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e as e os fillos menores que con el ou ela convivan, así como as e os fillos maiores incapacitados/as ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

(1) Os compoñentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios deberán presentar a fotocopia do DNI/NIF.

(2) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente). PF (parella de feito legalmente recoñecida)

(3) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.2º da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.

ANEXO IV

**MODELO DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISO DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN
NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO**

A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA

D./D. ^a		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

Manifesto/manifestamos a **aceptación da subvención**, por importe de _____ € (**euros**) e comprométome/comprometémonos a **realizar as obras no prazo establecido**, conforme ás unidades de obra que constan no presuposto obxecto da cualificación provisional, así como coa licenza de obra concedida para o edificio arriba indicado.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 27.2.6) da Ordenanza xeral municipal de concesión de subvencións, e antes de proceder á proposta da resolución, achego **CERTIFICACIÓNS**, conforme me atopo ao corrente do cumprimento das miñas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social, expedidas pola Delegación de Facenda, Delegación de Hacienda, da Tesourería municipal e da Tesourería Territorial da Seguridade Social

Lugo, de de 201_

Asdo.: _____
(DNI, sinatura)

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANEXO V**COMUNICACIÓN DE FINAL DE OBRAS SUBVENCIONADAS EN ACTUACIONES NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

PERSONA PROMOTOR/A		CIF/DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EN REPRESENTACIÓN SÚA:

APELIDOS	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que, en calidade de _____ do _____
 (persoa propietaria, persoa arrendataria etc.) (edificio/vivenda(s))
 sito(s) no recinto histórico de LUGO, na rúa _____
 núm. _____, andar _____, letra _____, ref.catastral _____

COMUNICO o remate das obras subvencionadas das actuacións de rehabilitación, ao abeiro do establecido R. d. 233/2013, do 5 de abril, do Ministerio de Fomento e no D. 18/2014, do 13 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que

SOLICITA:

Que lle sexa expedida a correspondente cualificación definitiva e o pago da subvención.

Lugo, _____ de _____ de 201_

Sinatura da persoa solicitante

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ANEXO V

- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE. **(ANEXO VI)**
- DECLARACIÓN DE QUE A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN OBXECTO DA SUBVENCIÓN SE REALIZOU SEGUNDO A MEMORIA/PROXECTO PRESENTADO. **(ANEXO VI)**.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DA CONTA AO SEU NOME.
- CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS FISCAIS CO CONCELLO DE LUGO, DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL E DE ESTAR AO CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E DO ESTADO.
- FACTURAS POLO IMPORTE DAS OBRAS, QUE DEBERÁN DE COINCIDIR CO DETALLADO POR UNIDADE DE OBRA (CON MEDICIÓN E PREZO) DO ORZAMENTO DO PRESUPOSTO PROTEXIBLE.
- DOCUMENTOS BANCARIOS ACREDITATIVOS DO PAGAMENTO DAS FACTURAS. NON SE ADMITIRÁN PAGOS EN EFECTIVO, NIN SE ADMITIRÁN COMO XUSTIFICANTES OS OBTIDOS A TRAVÉS DA REDE DE INTERNET, SE NON ESTÁN VALIDADOS POLA ENTIDADE BANCARIA OU NON DISPOÑEN DE CÓDIGOS DE VERIFICACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA DITA ENTIDADE BANCARIA.
- LICENZA DE OBRAS.
- CERTIFICADO FINAL DE OBRA ASINADO POR TÉCNICO/A COMPETENTE NO CASO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MAIORES.
- CERTIFICADO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS, ELÉCTRICAS OU DA POSTA EN MARCHA DE ASCENSOR TRAMITADO ANTE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
- CERTIFICADO DE INGRESOS DO IRPF DE TODA A UNIDADE FAMILIAR OU CERTIFICADO DA CORRESPONDENTE DELEGACIÓN OU ADMINISTRACIÓN DE FACENDA DE NON TER OBRIGA DE PRESENTALA A DATA DE PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OBRAS.

ANEXO VI

**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN
A PERSOA PROPIETARIA OU ARRENDATARIA**

D./D. ^a		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE CONCEDEU SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
REFERENCIA CATASTRAL		

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1- Recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI (*)
 NON

(*):Ata o día de hoxe, recibín outra subvención (**indicar procedencia e contía**) por parte de:

2- A realización da actuación obxecto de subvención efectuouse nos termos establecidos na memoria/proxecto presentado.

Lugo, ____ de _____ de 201_

Asdo.: _____

(DNI, sinatura)

EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO"

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Iniciado o expediente de desafectación das plantas primeira e segunda da ala norte do CEIP da Pobra do Brollón e a parte da planta baixa necesaria para darlle acceso faise público o expediente por prazo de un mes a efectos de exame e alegacións..

Transcurrido dito prazo elevaráse ao pleno para a súa aprobación definitiva.

A Pobra do Brollón 08 de xaneiro de 2018.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño

R. 0097

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO- PRÓRROGA 14ª FASE. AÑO 2017.

(Identif.): 380297

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións para a rehabilitación do centro histórico de Lugo, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro : Persoas Beneficiarias

As subvencións se dirixen a propietarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, e/ou inquilinos de vivendas e/ou edificios para levar a cabo actuacións de rexeneración e renovación urbana no Área de Rehabilitación do centro histórico de Lugo, con cargo ós convenios asinados entre o Concello para tal obxecto, no marco do plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2013 -2016.

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real Decreto 233/2013.

Non poderán obter financiamento os beneficiados incluídos no programa de fomento de la rehabilitación edificatoria, programa do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.

Condicións xerais dos beneficiarios:

A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

Os promotores que houberan solicitado e percibido axudas para obras privativas no interior da súa vivenda nos 10 últimos anos a partir da data de concesión da cualificación definitiva, non poderán optar a unha nova percepción de subvención sobre a mesma vivenda. Sen embargo si poderán solicitar axudas que afecten aos elementos comúns do edificio do que forma parte a dita vivenda e viceversa.

Obrigas dos Beneficiarios

1.- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Deberán, así mesmo, cumprir os requisitos e obrigas establecidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Serán obrigas dos beneficiarios das axudas as citadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvención

3.- Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado, ademais fronte á Seguridade Social.

4.- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

5.- Os ingresos familiares ponderados das persoas físicas beneficiarias das axudas non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM, agás que se trate de obras nos elementos común do edificio.

6.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVLUSA) e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.

Segundo.- Obxectivo e Finalidade

De acordo co disposto polo artigo 26.1.a) do Real Decreto 233/2013, as actuacións subvencionables para este programa serán execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custe de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Ditas actuacións extenderanse exclusivamente, ó área de rehabilitación do Recinto Histórico de Lugo, declarada o 13 de marzo de 1998, coincidente no se contorno con ámbito do PEPRI.

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través das presentes bases destinaranse a uso residencial.

Terceiro.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta Convocatoria, aprobadas o 27 de decembro, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos do seu coñecemento.

Cuarto.- Importe

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ó custe subvencionable da actuación, que incluírá, no seu caso, os costes desglosados segundo os tipos de actuacións subvencionables establecidos no artigo 26 do Real Decreto 233/2013 e non poderá exceder do 35% do custe subvencionable da actuación.

A contía máxima das axudas será de 11.000,00.-euros por vivenda.

Para as axudas convocadas estableceuse unha contía máxima de 185.729,32,- euros, sendo dita aportación a que corresponde ó Ministerio de Fomento, existindo, conforme Certificación da Tesoureira Municipal de data de 22 de xuño de 2017, 27 de abril de 2017 de que existe RC ref 17.17.RC.004512, CREM ref 17.17.RC.003065, ACREM ref 17.17..005738 e ACREM ref 17.17.005739 por dito importe na aplicación orzamentaria 15220.78900 do vixente presuposto municipal-CP 15XX00055.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo 1 das Bases.

Os interesados poderán presentalas, a través do Rexistro xeral municipal (Ronda da Muralla nº 197), nas Oficinas de EVISLUSA (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, Edificio Municipal Uxío Novoneira 3º andar, dereita) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte ó da publicación do presente extracto no Boletín Oficial de Provincia unha vez remitido da Base Nacional de Datos de Subvencións, de conformidade co previsto nos Arts 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os formularios para a solicitude e demais datos necesarios figuran publicados no BOP da provincia de Lugo en na BDNS.

Sexto.- Documentación e criterios de valoración

Documentación

A solicitude de axudas presentarase no modelo oficial (ANEXO I) acompañada da seguinte documentación en orixinal e/ou copia compulsada:

A.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación:

Se o promotor é unha persoa física;

Fotocopia DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietarios/as que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome de cal actúe.

Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

No caso de que o solicitante sexa o arrendatario; documento acreditativo da titularidade das vivendas por parte do/da(s) solicitante(s) ou contrato de arrendamento e autorización do/a propietario/a do inmovible para realizar as obras.

Se o promotor é unha persoa xurídica;

Documento acreditativo da constitución da sociedade.

Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito,

acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

B.- Memoria adaptada á seguinte estrutura:

Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo

Presuposto de execución detallado por unidades de obra con medición e prezo (asinado polo contratista, promotor ou polo técnico competente, desercaso).

Prazo máximo de execución das obras.

Fotografías a cor da fachada do edificio e das zonas que se van rehabilitar.

No caso de actuacións en elementos comúns do inmovible deberase aportar a seguinte documentación; cuotas de participación de cada unha das vivendas sobre estes, acordo da comunidade de propietarios das obras a executar e Informe Técnico de Evaluación de Edificios (I.E.E), segundo o establecido na Disposición Transitoria Primeira, 1.b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana do artigo 21 do Real Decreto 233/2013.

C.- Se é o caso, proxecto de execución das obras asinado polo técnico competente.

D.- Licenza municipal de obras, onde veña reflexado a totalidade das obras que se van a subvencionar, independentemente de que existan outras obras non subvencionables.

E.- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención (ANEXO II).

F.- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)

G.- Declaración responsable de non ter débedas pendentes nin coa Facenda Estatal, Facenda Autonómica, Seguridade Social nin co Concello de Lugo. (ANEXO II)

H.- Declaración xurada de que o destino das actuacións de rehabilitación serán para vivenda de uso residencial (ANEXO II).

I.- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración Local, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ó disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

J.- No caso de existir mais dun propietario/a, autorización deles a un dos propietarios para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

K.- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

L.- Declaración responsable da composición da unidade familiar e autorización a EVISLUSA para a obtención do certificado de empadramento. (ANEXO III).

M.- Certificado de ingresos do IRPF de toda a unidade familiar ou certificado da correspondente Delegación ou Administración de Facenda de non ter obriga de presentala.

A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), será a encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases e fará as propostas de resolución provisional e definitiva que procedan en cada solicitude.

Criterios de valoración y distribución de las subvenciones

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, conforme ós criterios de selección dispostos no artigo 3 da convocatoria.

Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, e segundo consta nas mesmas, terán preferencia.

1º.- Nivel de Catalogación

2º.- Tipo de actuación

En caso de atoparnos con solicitudes que teñan características iguais segundo o sinalado nos parágrafos anteriores, utilizarase a prioridade establecida na recepción da solicitude nos rexistros oficiais das diferentes administracións.

Sétimo.- Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ó do remate para a presentación de solicitudes no Concello (artigo 17).

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude da concesión da axuda.

EVISLUSA remitiralle ó Instituto Galego de Vivenda e Solo os certificados e os expedientes das resolucións favorables que se diten, para que este emita a correspondente cualificación provisional e o que considere oportuno.

Notificarase a resolución a cada un dos interesados, así como se procederá á publicación da notificación de ditas resolucións no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo, que substituirá, de ser o caso, o trámite da notificación de acordo cos artigos 42,44 e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións(BDNS).

Oitavo.- Prazo de execución das Obras

Unha vez concedida a subvención o beneficiario da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) o manifesto de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material que foi obxecto da cualificación provisional, así como o compromiso de sufragar e colocar o cartel exterior, coa imaxe corporativa do plan de vivenda, do Ministerio de Vivenda, da Xunta de Galicia (IGVS) e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras. (ANEXO IV).

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 10 de outubro de 2018.

Noveno.- Será causa de denegación/ revocación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fora de prazo así como o incumprimento por parte da persoa promotora de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

Décimo.- Pago

Xustificación do gasto

Finalizadas as obras, os beneficiarios deberán comunicarlle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) no prazo dun (1) mes, o remate destas, mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO V e VI) acompañado da documentación final de obra que consta nel:

Declaración do conxunto de axudas solicitadas e recibidas.

Certificación bancaria do número de conta ó seu nome.

Certificados de estar ó corrente das obrigas fiscais co Concello de Lugo, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado.

Facturas polo importe das obras, que reunirán en todo o caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

Xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas.

Licenza de obras, que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como as que foron obxecto da cualificación provisional.

Certificado final de obra asinado por técnico competente, no caso de execución de obras maiores

Licenza de primeira utilización, nas obras nas que sexa necesaria a presentación do certificado final de obra.

Fotografías en cor (por duplicado) da fachada do edificio, coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Vivenda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello e das zonas que se rehabilitaron.

Os documentos presentados haberán de ser validados e selados pola empresa municipal xestora do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto. Os documentos serán orixinais e, se se presentan fotocopias, deberán de ser compulsadas pola empresa xestora, de conformidade có que se estableza nas bases de execución do presuposto.

Cando cumpra a documentación, EVISLUSA trasladaralle ó Instituto Galego de Vivenda e Solo a certificación da resolución que aproba a "certificación de obra executada", para os efectos de que esta proceda, de selo o caso, a conceder a cualificación definitiva, así como o ingreso, en conta bancaria municipal, do importe da subvención comprometida, ou a que resulte finalmente segundo o procedemento tramitado.

Décimo primeira.- Aboamento

Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta definitiva de resolución.

O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente, e procederáse ó pagamento da axuda concedida, tras a presentación por parte do beneficiario dunha declaración complementaria da relación de subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas, así como por algunha das súas entidades, nacionais ou estranxeiras para o mesmo fin ou, se é o caso, a declaración de que non obtivo outras subvencións para a mesma finalidade, todo isto en cumprimento da base 18ª de execución do Presupuesto Xeral do Concello de Lugo.

Décimo segunda.-Normativa de aplicación

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, e para o non previsto nas mesmas será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño e a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP do 18 de maio de 2005, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Décimo terceira.- Publicidade

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art.20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “subvencións para rehabilitación do centro histórico de Lugo-Prórroga Fase 14; Anualidade 2017”en:

As bases reguladoras, no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Lugo, 8 de xaneiro de 2018.- XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSONAL

R. 0112

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – XOVE*Anuncio***EXTRACTO DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ANTROIDO****BDNS (Identif.):381080**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de antroido organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 29 de xaneiro de 2018.

Quinto.- Contía dos premios.

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3, 4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 11 de xaneiro de 2018.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA

R. 0113
